

Dos contos de medo á narrativa de denuncia; da novela negra a un clásico da literatura xuvenil de todos os tempos; dun éxito da literatura gastronómica a unha proposta narrativa singular e inesquecible. Bos libros para un Bo Nadal.

TEXTO: RAMÓN NICOLÁS

1



### «CANDO CAE A LUZ»

**AUTORA** MARÍA CANOSA  
**EDITORIAL** URCO EDITORA  
**PREZO** 13 EUROS;  
121 PÁXINAS  
Tras «DisParo» e «Non é París» Canosa avanza con paso firme na novelística para adultos.

## O engado do desasosiego

Relatos instalados na mellor das tradicións narrativas do xénero —de Fole e Fernández Paz a Xabier P. Docampo, de Poe a Lovecraft— que lle outorgan a relevancia necesaria tanto á oralidade como ás atmosferas perfiladas con precisión de cirurxía. A autora manéxase con habilidade na construción de situacións cotiás onde latexa a violencia gratuita ou o inexplicable, o inesperado ou a morte, ás veces o irracional. Todo para que o desacougo se asente na memoria e habite a memoria de quen le.

2



### «EU SON SULEIMÁN»

**AUTOR** ANTONIO LOZANO  
**EDITORIAL** FAKTORÍA K DE LIBROS  
**PREZO** 12 EUROS;  
60 PÁXINAS Traducida por Carlos Acevedo, Velaí unha novela que humaniza a realidade da emigración.

## Unha ollada cara á mocidade que loita

Un libro que volve a ollada á emigración subsahariana e aos conceptos da intolerancia, a solidariedade e a amizade. Faíse a través dunha dupla viaxe —exterior e interior— que relata as experiencias dunha mocidade sen expectativas de futuro que, porén, mira de fronte á miseria, á morte e á invisibilización. Mocidade que loita, malia os fracasos e as decepcións, por seguir adiante e agarimar un futuro idealizado que é Europa, malia que esta se desvele como símbolo dunha liberdade enreixada.

3



### «NOIRE COMPOSTELA»

**AUTORA** BLANCA RIESTRA  
**EDITORIAL** GALAXIA  
**PREZO** 14 EUROS; 136 PÁXINAS Un Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia que supón a estrea da autora no noso sistema literario.

## Unha novela sobre os perigos da “deep web”

Cadrando coa publicación de *Greta en su laberinto*, galardoadada no Premio Torrente Ballester 2015, *Noire Compostela* revela o oficio dunha escritora que encaixa con habelencia as esixencias da novela negra co ritmo preciso que demanda a particularidade de distribuílo en trinta e unha entregas. Nela, a cidade de Compostela adquire a categoría de protagonista, focalizada dun xeito distinto a través das vivencias dun feixe de protagonistas onde o confuso presente pende dun pasado cheo de enigmas.

4



### «CARTAS DE INVERNO»

**AUTOR** AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ  
**EDITORIAL** XERAIS  
**PREZO** 14 EUROS; 176 PÁXINAS Edición especial cun epílogo actualizado polo autor e ilustracións de Antonio Seijas.

## Un clásico imprescindible

Cen mil exemplares e trixésimo quinta edición deste *long-seller*. Unha cifra histórica que Edicións Xerais celebra cunha edición conmemorativa coa que se rende homenaxe, como consta no seu colofón, ao «autor, compañeiro e amigo». Pouco novo se pode engadir a un libro que desde 1995 suscita devocións e paixóns. *Cartas de inverno* é a voz marabillosa dun autor que galga por riba de fronteiras de idades e idiomas. Desacouga e abraza a un tempo: algo ao alcance de moi poucas persoas.

5



### «MEL NAS FILLOAS!»

**AUTORA** ROCÍO GARRIDO CARAMÉS  
**EDITORIAL** GALAXIA  
**PREZO** 20 EUROS; 136 PÁXINAS A Literatura gastronómica está tamén en voga. Velaquí un magnífico exemplo.

## Larpeirada para as sobremesas

Recuperar sesenta sobremesas galegas, algunhas case esquecidas procedentes de moi diversas comarcas galegas e outras que poden resultar máis comúns, é o obxectivo deste libro de Rocío Garrido, quen xa dera a coñecer hai pouco tempo *Cociñando con razas autóctonas*. Nestas páxinas atopamos un receptorio completo con descrições sinxelas e accesibles que van da bica de Trives ás chulas de calacú, do leite frito á torta de Guitiriz constituíndo, sen dúbida, unha regalía para o padal e os sentidos.

6



### «TODO SER HUMANO É UN RÍO»

**AUTOR** MANUEL VEIGA TABOADA  
**EDITORIAL** XERAIS  
**PREZO** 18 EUROS; 280 PÁXINAS Se se procura algo distinto, este libro non defraudará.

## O río da vida e da memoria

No ronsel de Amos Oz, Sebald ou Magris aquí non hai argumento, ou talvez si. Todo se reviste dunha natureza esplendidamente híbrida e fulgurante para abalar, ou fluír, entre a crónica de viaxes, a reflexión, o xornalismo, a historia ou a socioloxía. Salienta a ollada caleidoscópica e sorprendente que magmatiza secuencias onde todo cambia agás a presenza dos camiños percorridos. Neles latexan, perennes, as imaxes da Galicia do interior que precisaba unhas páxinas coma estas.